

PREMIO DE LITERATURA INFANTIL**O BARCO****BASES 2006**

A FUNDACIÓN SANTA MARÍA convoca o **Premio O Barco 2006** coa finalidade de promover a creación dunha literatura para nenos que fomente o gusto pola lectura e transmita, con calidade literaria, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno.

Este Premio concederáse de acordo coas seguintes BASES:

1. Poderán optar ó Premio todos os escritores/as que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade ou procedencia, sempre que as obras que presenten se axusten ó concepto comunmente aceptado de novela, estean escritas orixinalmente en galego, sexan orixinais, inéditas e non fosen premiadas en ningún outro concurso, nin correspondan a autores falecidos con anterioridade ó anuncio desta convocatoria. Tamén quedarán excluídos os orixinais que resultasen ser do autor premiado na convocatoria inmediatamente anterior. Non se poderá presentar ó Premio o persoal da FUNDACIÓN SANTA MARÍA ou do GRUPO EDITORIAL SM.
2. A extensión das obras será como mínimo de 50 páxinas, tamaño DIN A4 (210 x 297mm) mecanografadas a dobre espazo por unha soa cara. Deberanse enviar tres orixinais impresos, encadernados ou cosidos e, a ser posible, disquete de ordenador. Cada orixinal irá asinado con pseudónimo, sendo obrigatorio acompañar dun sobre cerrado con nome, apelidos, enderezo e teléfono de contacto do autor/a. Ademais, o autor/a declarará por escrito que a obra enviada é orixinal, inédita e non premiada en anteriores concursos, e que non está pendente de fallo noutros premios nin ten comprometidos os seus dereitos con outra editorial.
3. Os orixinais remitiranse ó seguinte enderezo:

Fundación Santamaría
Calle General Moscardó 3, 2º
28020 Madrid

indicando claramente no sobre: **Para o Premio O Barco.**

Publicado o fallo, os orixinais non premiados e as súas copias serán destruídos sen que caiba ningunha reclamación neste sentido. A entidade organizadora non se fai responsable das posibles perdas ou danos dos orixinais, nin das tardanzas ou calquera outra circunstancia imputable a correos ou a terceiros que poida afectar ós envíos das obras participantes no Premio.

4. O prazo de admisión de orixinais cerrarase o **15 de outubro de 2005**. Polo feito de presentárense ó Premio, os autores/as aceptan as presentes bases e comprométese a non retirar a súa obra unha vez presentada ó concurso.
5. O xurado será nomeado pola FUNDACIÓN SANTA MARÍA e estará formado por especialistas en literatura, pedagogía e educación e por unha representación

da entidade organizadora. A composición do xurado non se fará pública ata o mesmo día da concesión do Premio.

6. A decisión do xurado será inapelable.
7. O xurado estará facultado para resolver toda cuestión da súa competencia que non quedase establecida de modo explícito nestas bases.
8. Establécese un único Premio, indivisible, dotado coa cantidade de 6.000 €. A concesión do Premio leva incluída a edición —por parte da FUNDACIÓN SANTA MARÍA— da obra premiada. O importe do premio computarase a conta dos dereitos de autor que se estipulen no contrato de edición. Este contrato subscribírase de acordo cos termos expostos nas presentes bases e na Lei de Propiedade Intelectual.
9. O autor/a da novela ganadora cede á FUNDACIÓN SANTA MARÍA o dereito exclusivo de explotación da súa novela en todas as súas modalidades, para todo o mundo e para o prazo máximo de duración establecido pola lexislación vixente. Ademais, o ganador/a comprométese a participar persoalmente nos actos de presentación e promoción da súa obra que a editorial considere adecuados.
10. A FUNDACIÓN SANTA MARÍA resérvase un dereito de opción preferente para publicar calquera novela presentada ó Premio que, non resultando gañadora, sexa considerada de interese, previa subscripción do correspondente contrato co seu autor/a, nas condicións habituais para esta colección.

 fundación **s**anta **m**aría

C/ General Moscardó, 3-2º
28020 Madrid
Tel.: 34 91535 96 00
Fax: 34 91535 96 01
e-mail:
fsm@fundacionsantamaria.org
www.fundacionsantamaria.org

 GRUPO sm

C/ Impresores, 15
Urbanización Prado del Espino
28660 Boadilla del Monte
Madrid - España
Tel.: 34 91 422 6312 / 6209
Fax: 34 91 422 6114
comunicacion@grupo-sm.com
www.grupo-sm.com